

ANEXO

Nome e apelidos	Procedencia	Estadía
Gergely, Veronika	Érd (Hungría)	1-6 a 31-12-2008
Álvarez Rosales, Rafael J.	Cuba	8-7 a 31-12-2008
Carbajo Vázquez, Judith	Salamanca	1-6 a 31-12-2008
Del Río Riande, M ^o Gimena	Madrid	1-8 a 31-10-2008
Grygierzec, Wiktoria	Krakow (Polonia)	1-8 a 31-12-2008
Silva Lourenço, Helena	Évora (Portugal)	1-7 a 31-12-2008
Marcenaro, Simone	Siena (Italia)	1-6 a 31-12-2008
Mura, Riccardo	Torino (Italia)	1-9 a 31-12-2008
Nguyen Thi, Thuy Chung	Varsovia (Polonia)	1-6 a 31-12-2008
Prieto Donate, Estefanía	Granada	8-9 a 31-12-2008

Corrección de erros.-Resolución do 13 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen e se regulan os programas de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios e de formación profesional durante o curso académico 2008-2009.

O 19 de maio de 2008 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 95 a Resolución do 13 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen e se regulan os programas de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios e de formación profesional durante o curso académico 2008-2009. Advertido erro nela, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 9.024, no artigo 14º, onde di:

«-Estudantes residentes en países europeos: 350 €.

-Estudantes residentes no resto de países: 1.000 €.»

Debe dicir:

«-Estudantes residentes en países europeos: máximo 350 €.

-Estudantes residentes no resto de países: máximo 1.000 €.»

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Orde do 20 de maio de 2008 pola que se modifican os importes establecidos no artigo 9 da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008.

A Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008, establece no seu artigo 9.1º o orzamento total de 16.500.000 euros para o financiamento das actuacións.

As solicitudes presentadas polos concellos superan a cantidade estipulada, polo que procede incrementar as contías establecidas no citado artigo 9.1º da citada disposición.

Por todo o exposto, en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Ao abeiro do disposto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, modifícase o punto 1 do artigo 9 da Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008, que queda redactado como segue:

«As subvencións outorgadas conforme o disposto nesta orde serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.521A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, destinándose para tal finalidade un total de vinte e seis millóns cincocentos cincuenta e un mil seiscientos vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (26.551.623,28 €), distribuídos nas seguintes anualidades:

-2008: 5.899.821,34 €.

-2009: 6.099.803,54 €.

-2010: 5.551.999,40 €.

-2011: 4.939.999,50 €.

-2012: 4.059.999,50 €».

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2008.

M^a José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 23 de abril de 2008 pola que se derroga a disposición transitoria da Orde do 17 de decembro de 2004 pola que se autoriza a apertura e funcionamento das escolas de educación infantil Castrillón e Os Cativos, ambas as dúas da Coruña, para impartir as ensinanzas de educación infantil.

Examinado o expediente iniciado polo Concello da Coruña, titular da escola de educación infantil Castrillón, no que solicita o cesamento de actividades do 2º ciclo de educación infantil.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, quen o remite cos informes correspondentes.

Resultando que o devandito centro obtivo autorización para impartir o 2º ciclo de educación infantil, mediante a Orde do 17 de decembro de 2004 pola